

COMPRESIÓN GALEGO 3



Corrección de texto: Rebeca Fernández Facal Ilustracións: Print Artist 8

 **EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**


CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Nome: _____

Data: _____



1

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O MEU CAN

O meu can é un can de palleiro. Chámase Rufus e ten moi malas pulgas. Quero dicir que ten moi mal carácter. Cando chega o carteiro non para de ladrarlle e mesmo algunha vez traboulle no cu.

O meu pai non sabe que facer con el. Un día castigouno sen saír de paseo, pero foi peor. Fíxolle pis no sofá da sala.

1.- Cal é o nome do meu can?

2.- Que quere dicir que «ten malas pulgas»?


3.- A quen trabou no cu?

4.- Que lle fixo Rufus ao meu pai cando o castigou sen saír de paseo?

5.- De que raza é Rufus?

Nome: _____

Data: _____



2

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O GATO TINÍN

Non hai día que pase sen que o meu gato Tinín faga algunha falcatruada. Hai un mes cazou un rato pequeniño e deixouno no medio da habitación. Cando o meu irmán pequeno viu o rato pensou que era un xoguete e estivo toda a semana xogando con el ata que a miña nai llo descubriu e llo tirou ao campo.

1.- Como se chama o gato?

2.- Que fai Tinín cada día?


3.- Que cazou un día?

4.- Que fixo co rato pequeno que cazou?

5.- Que fixo a nai co rato que descubriu?

Nome:

Data:



3

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O MÓBIL

Á miña tía Uxía regaláronlle un teléfono móbil. O mesmo día que llo regaláron saíu de paseo e dende o coche chamou á miña nai para ver que tal funcionaba.

Ela xa sabía que non se podía conducir usando o teléfono así que cando a policía lle puxo unha multa de 400 euros calou coma un peto.

1.- Que lle regalaron á miña tía Uxía?

2.- Cando saíu de paseo a ver que tal funcionaba o teléfono?


3.- A quen chamou para probar o teléfono?

4.- Por que lle puxeron unha multa á miña tía?

5.- Cal era o importe da multa?

Nome: _____

Data: _____



4

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O AVÓ AFONSO

O meu avó Afonso ten unha avioneta antiga de cor vermella e con ela sae a voar os venres polas tardes.

Afonso é moi delgado, tan delgado que parece un fideo escapado da sopeira e, como pesa tan pouco, á avioneta non lle custa traballo ningún elevarse por riba das nubes e chegar a Ourense para cear.

1.- *Como é a avioneta do meu avó Afonso?*

2.- *Que parece o meu avó?*


3.- *Cando sae a voar na avioneta?*

4.- *Porque non lle custa nada elevarse á avioneta?*

5.- *Que vai facer o meu avó ao chegar a Ourense?*

Nome: _____

Data: _____



5
COMPRESIÓN
GALEGO 3
O RAPOSO

O raposo tiña un problema: non podía durmir. Por que? Pois porque tiña unhas veciñas moi algareiras, unhas galiñas, que non paraban de cacarexar en toda a noite, discutindo entre elas.

Un día o raposo fartouse, colleu o pixama e a almofada e decidiu poñer terra por medio e marchar a vivir no medio do bosque.

1.- *Que problema tiña o raposo?*

2.- *Quen eran as súas veciñas?*


3.- *Como eran as galiñas?*

4.- *Que facían toda a noite as galiñas?*

5.- *Que dúas cousas colleu o raposo cando puxo terra de por medio?*

Nome: _____

Data: _____



6

COMPRESIÓN
GALEGO 3

A VACA

A vaca Marquesa era sucia coma a parrumeira. Todos os días o seu amo, Xan, quería darlle un lavado pero ela sempre saía fuxindo: uns días ía ao prado e outros agochábase na carballeira.

Só se lavaba cando caía un chaparrón e non lle daba tempo a chegar á corte.

1.- Como se chamaba a vaca?

2.- Como era a vaca Marquesa?


3.- Quen era o amo de Marquesa?

4.- Onde ía Marquesa cando fuxía para que non a lavaran?

5.- Cando se lavaba Marquesa?

Nome: _____

Data: _____



7
COMPRESIÓN
GALEGO 3

OS VECIÑOS

Teño dous veciños, Denis e Daniel, que pasan a tarde falando no valado. Denis traballa de albanel e Daniel é panadeiro. Un traballa de día e o outro de noite. Así que só teñen tempo para falar pola tarde, cando Denis chega e Daniel sae para traballar.

1.- Como se chaman os meus veciños?

2.- Como pasan a tarde?


3.- Que traballos teñen Denis e Daniel?

4.- Cando traballa Denis, o albanel?

5.- Cando traballa Daniel, o panadeiro?

Nome:

Data:



89
COMPRESIÓN
GALEGO 3

A AMBULANCIA

Era o sábado pola mañá e Hugo estaba a durmir na súa cama tan tranquilo cando, de súpeto, comezou a sentir o son dunha sirena de ambulancia. Levou un susto tremendo!

Ata o seu gato Chinín Rabuñón saltou do sofá e foi correndo á fiestra para ver pasar a ambulancia.

1.- Onde durmía Hugo?

2.- Que vehículo pasou coa sirena posta?


3.- Que lle pasou a Hugo?

4.- Como se chama o gato de Hugo?

5.- Que fixo Chinín Rabuñón cando sentiu a sirena da ambulancia?

Nome:

Data:



9
COMPRESIÓN
GALEGO 3

O PELÍCANO

Aquel pelícano era un pouco raro. Era o único pelícano ao que lle gustaban máis as verduras que os peixes. O problema é que lle tiña medo aos peixes dende que un día, cando era pequeno, se lle meteu polo peteiro unha robaliza de catro quilos. Dende entón xa non quixo saber nada dos peixes, nin grandes, nin pequenos.

1.- Como era aquel pelícano?

2.- Que lle gustaba comer?


3.- Por que lle tiña medo aos peixes?

4.- Que peixe se lle meteu polo peteiro cando era pequeno?

5.- Canto pesaba a robaliza?

Nome: _____

Data: _____



10
COMPRESIÓN
GALEGO 3

A SERPE

Aquela serpe vivía no medio do bosque. Case non tiña amigos, só falaba co rato, cunha toupa e cun esquío que usaba anteollos.

Os veciños da aldea do Pousadoiro saíran varias veces a cazala e nunca o conseguiran. Dicían que a serpe era moi perigosa, pero ela non se metía con ninguén e nunca fixera nada malo.

1.- Onde vivía a serpe?

2.- Que animais tiña por amigos?


3.- Que veciños saíran a cazala varias veces?

4.- Que dicían os veciños da serpe?

5.- Para que lle servirían os anteollos ao esquío?

Nome:

Data:



11

COMPRESIÓN
GALEGO 3

«AS COTOVIÁS»

A Tareixa e Sabela todo o mundo as coñecía co alcume de «as cotovías». «As cotovías» eran dúas amigas que non paraban de mollar a palleta: o luns bebían zume, o martes e mércores, auga mineral, o xoves e venres, gasosa e os sábados e domingos, café con leite.

1.- Como se chamaban as dúas amigas?

2.- Con que alcume as coñecía todo o mundo?


3.- Que non paraban de facer todos os días?

4.- Que bebían o luns?

5.- E o sábado e domingo?

Nome: _____

Data: _____



12

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O HIPOPÓTAMO

Aquel hipopótamo estaba cheo de carrachos e piollos. O pobre non se podía rascar porque non chegaba coas patas ao lombo.

Como se podía solucionar o asunto? Falou cunha lavandeira para que lle comera todos os bechos e así arranxou o problema. Fixéronse moi amigos e nunca máis lle volveron a molestar nin carrachos nin piollos.

1.- De que estaba cheo o hipopótamo?

2.- Por que non se podía rascar o lombo?


3.- Con quen falou o hipopótamo para solucionar o problema?

4.- Que tiña que facer a lavandeira?

5.- Como ten o corpo un hipopótamo?

Nome:

Data:



13

COMPRESIÓN
GALEGO 3

ROSENDO

A Rosendo gustáballe moito voar, pero non en avión nin en helicóptero. Voaba cunha capa parecida á de Supermán. Algúns dicían que non apartaba dos coches, pero a maioría pensaba que era un auténtico xenio. Tiña uns ollos moi grandes, así que podía ver moi ben e moi lonxe.

1.- Que lle gustaba moito a Rosendo?

2.- En que non lle gustaba voar?


3.- Como era a capa?

4.- Que dicían algúns de Rosendo?

5.- Para que lle servían os seus ollos grandes?

Nome: _____

Data: _____



14

COMPRESIÓN
GALEGO 3

QUE SONO!

Un día Xan foi de visita a casa de Roque e Carne.
Invitárono a comer e Xan comeu un polo enteiro, unha boa fabada e de sobremesa arroz con leite.
Con tal enchenta a Xan entroulle o sono, así que botou unha boa soneca no sofá dos seus amigos.

1.- Onde foi de visita Xan?

2.- Que comeu Xan en casa de Roque e Carne?


3.- Que tomou de sobremesa?

4.- Que botou Xan despois de comer?

5.- Onde botou Xan unha boa soneca?

Nome: _____

Data: _____



15

COMPRESIÓN
GALEGO 3

A ROLADA

Un día a galiña Bríxida quixo saír de paseo e chamou á súa rolada. Os tres pitiños escoitaron moi atentos á súa nai e prometeron portarse moi ben. Non sairían do galiñeiro nin molestarían ao galo, que sempre estaba de moi mal humor. Se se portaban ben, a galiña traeríalles unha manchea de millo.

1.- Que quixo facer un día a galiña Bríxida?

2.- Quen formaba a súa rolada?


3.- Que lle prometeron os tres pitiños da rolada á súa nai?

4.- Como estaba sempre o galo?

5.- Que lles traería a galiña á rolada se se portaban ben?

Nome:

Data:



16

COMPRESIÓN
GALEGO 3

A TARTARUGA

Que lenta ía a tartaruga!

Un día saíu de paseo para ir a casa da súa amiga, a ra Filomena, e tardou tres horas en andar pouco máis de nove metros.

Cando saía de paseo e como tardaba tanto, sempre levaba unha presa de miñocas para ir comendo polo camiño.

1.- Como camiñaba a tartaruga?

2.- Como se chamaba a amiga da tartaruga?


3.- Canto tempo tardou en percorrer nove metros?

4.- Que levaba a tartaruga para comer polo camiño?

5.- Pon o nome de catro animais máis rápidos que a tartaruga.

Nome: _____

Data: _____



17

COMPRESIÓN
GALEGO 3

A CASA DE PEPE

Pepe quería facer unha casa coas súas propias mans.

Mercou unha pá pequena, un saco de cemento e douscentos corenta e nove ladrillos. Traballou durante quince días e ao final colocou un ramo no alto da súa nova casa para anunciar aos seus amigos e veciños que xa rematara a obra.

1.- Que quería facer Pepe?

2.- Que tres cousas mercou Pepe para facer a súa casa?

3.- Cantos ladrillos mercou?

4.- Cantos días traballou para facer a casa?

5.- Como anunciou aos seus amigos que rematara a obra?

Nome: _____

Data: _____



18

COMPRESIÓN
GALEGO 3

CARMELA

A Carmela gustáballe moito a bricolaxe. Un día reparou un armario vello de madeira e outro día a porta da súa casa que non se podía abrir. Ela tomaba moitas precaucións. Usaba casco e luvas de pel. Para traballar máis cómoda tiña un cinturón no que levaba o martelo, o desparafusador e todas as ferramentas.

1.- *Que lle gustaba a Carmela?*

2.- *Que dúas cousas reparou Carmela un día?*


3.- *Que precaucións tomaba Carmela?*

4.- *E que usaba para traballar máis cómoda?*

5.- *Que ferramentas poñía Carmela no cinturón?*

Nome:

Data:



19

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O AVÓ ALPINISTA

Que chulo é o meu avó Guillerme!

Agora adícase a escalar montañas. Colle un gorriño con pompón, unhas botas impermeables e a subir e baixar montañas.

Tamén usa un pico especial de escalador chamado «piolet». Con el vaise enganando ao xeo e así escala máis facilmente, con menos esforzo.

1.- Como é o meu avó?

2.- A que se adica agora o meu avó Guillerme?


3.- Que roupa usa o meu avó Guillerme para subir e baixar montañas?

4.- Que é un «piolet»?

5.- Para que serve un «piolet»?

Nome: _____

Data: _____



20
COMPRESIÓN
GALEGO 3
A FIGUEIRA

Ao meu pai e a min gústannos moito os «migueliños». Os «migueliños» son uns figos que maduran polo día de San Miguel, a finais do mes de setembro.

Cos figos tamén facemos dóces e compotas e cada ano plantamos unha nova figueira na finca da miña avoa Susana.

1.- *Que nos gusta moito ao meu pai e a min?*

2.- *Que son «os migueliños»?*


3.- *Cando se celebra o San Miguel?*

4.- *Que fan o pai e o neno cos figos?*

5.- *Onde plantan unha nova figueira cada ano?*

Nome:

Data:



21

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O INDIO

Rachín é un xefe indio que vive nas Montañas Negras, nos Estados Unidos.

A súa aldea ten oitocentos noventa e nove habitantes e a maioría crían cabalos que despois venden aos gandeiros da bisbarra.

Rachín, dende que é o xefe, sempre anda cunha pluma na cabeza.

1.- Onde vive Rachín?

2.- Cantos habitantes ten a súa aldea?

3.- A que se adican a maioría dos habitantes da aldea de Rachín?

4.- A quen lle venden os cabalos?

5.- Con que anda Rachín dende que é xefe?

Nome: _____

Data: _____



22
COMPRENSIÓN
GALEGO 3

A GUITARRA

Aquela noite o meu amigo Xurxo quixo darnos un concerto de guitarra no xardín da súa casa.

Tocaba moi mal e aínda cantaba peor, así que cando comezou a cantar tamén comezou a chover a cachón. Todos os invitados ao concerto tiveron que saír correndo e nin se despediron do seu amigo Xurxo.

1.- Cando quixo dar un concerto o noso amigo Xurxo?

2.- Que instrumento tocaba?

3.- Onde era o concerto?

4.- Que pasou cando Xurxo se puxo a tocar e cantar?

5.- Que fixeron os invitados cando comezou a chover a cachón?

Nome: _____

Data: _____



23

COMPRESIÓN
GALEGO 3

VAIA PESCA!

Roxelio é un gran pescador de río. No verán, á primeira hora do día, sae da súa casa e vai ao río Eume. Alí pasa horas e horas ata que consegue pescar un par de troitas.

Cando chega á casa chega feliz coa pesca. Se pesca un salmón, aquel día fai festa rachada con toda a familia.

1.- Que é Roxelio?

2.- Cando sae pescar?

3.- Onde vai pescar?

4.- Canto tempo pasa pescando no río Eume?

5.- Que pasa cando Roxelio pesca un salmón?

Nome: _____

Data: _____



24

COMPRESIÓN
GALEGO 3

LUME, LUME...!

Non hai incendio no concello ao que non acuda Brais para apagalo. Brais é o noso bombeiro preferido. Sempre está contento e coñece moitos trucos para apagar o lume.

Ás veces vén ao colexio para explicarnos o que temos que facer en caso de incendio. Unha vez ao ano facemos un simulacro cos bombeiros.

1.- *Que profesión ten Brais?*

2.- *A que vai Brais aos incendios?*


3.- *Como está sempre Brais?*

4.- *A que vén Brais ao colexio?*

5.- *Que facemos unha vez ao ano?*

Nome: _____

Data: _____



25
COMPRESIÓN
GALEGO 3
O FOGUETE

Doce científicos galegos querían chegar á Lúa, así que se decidiron a construír un foguete espacial.

Traballaron dous anos e un día, e cando tiveron a nave disposta levárona a Paiosaco e alí, no medio dun prado, despegaron cara a Lúa. Tardaron dous días en chegar e outros dous en voltar á Terra.

1.- Cantos científicos galegos querían chegar á Lúa?

2.- Que decidiron construír?

3.- Cantos anos traballaron na construción da nave espacial?

4.- De onde despegaron cara á Lúa?

5.- Cantos días tardaron na viaxe de ida e volta?

Nome: _____

Data: _____



26

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O ÁRBITRO

Aquel árbitro era moi malo. Sempre se trabucaba cando tiña que pitar un penalti. Outras veces expulsaba do partido a quen non tiña culpa e o ano pasado pitou o final do partido antes de saír os xogadores ao campo. Os seus xefes non tiveron máis remedio que darlle outro traballo e agora adícase a remendar as redes das porterías.

1.- Como era aquel árbitro?

2.- Cando se trabucaba sempre?


3.- Que lle pasaba outras veces?

4.- Que fixo o ano pasado nun partido?

5.- A que se adica agora o árbitro?

Nome: _____

Data: _____



27

COMPRESIÓN
GALEGO 3

UN DRAGÓN

O señor conde estaba moi preocupado. No seu condado, o condado de Barrantes, había un dragón, deses que botan lume pola boca, que ameazaba a todos os labregos. Así que o conde non tivo máis remedio que contratar a un bombeiro especialista en dragóns que acabou apagándolle o lume cunha botella de auga mineral sen gas.

1.- Como estaba o conde?

2.- Como se chamaba o seu condado?


3.- De que tipo era o dragón?

4.- A quen ameazaba?

5.- Como conseguiu o bombeiro apagar o lume do dragón?

Nome:

Data:



28

COMPRESIÓN
GALEGO 3

A RA

- Cro, cro, cro - cantaba a ra pola noite. Era unha ra verde e gorda que vivía na lagoa de Louro, alá nas terras de Muros.

A ela o que máis lle gustaba eran as moscas e os tabáns, aínda que tamén podía papar mosquitos ou algunha que outra bolboreta.

Un día do mes de xullo, cazou case oitenta e catro moscas. Que ricas!

1.- Cando cantaba a ra?

2.- Onde vivía?


3.- Que insectos eran os que máis lle gustaban?

4.- Cantas moscas cazou un día do mes de xullo?

5.- Como cres que lle souberon as moscas?

Nome: _____

Data: _____



29

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O LEÓN

O venres, cando a ovella Charo saíu de paseo non se imaxinaba o que lle podía pasar. Levaba a parva para tomar polo camiño e unha botelliña de zume. Cando chegou a rentes do bosque aparecéuselle... un león peludo!

O susto foi moi grande, pero todo foi un susto, xa que o león era moi manso e tranquilo, así que se fixeron moi amigos.

1.- Cando saíu a ovella de paseo?

2.- Que levaba para tomar polo camiño?


3.- Quen lle apareceu a rentes do bosque?

4.- Como foi o susto?

5.- Como era o león?

Nome:

Data:



30

COMPRESIÓN
GALEGO 3

O ASPIRADOR

Ricardo traballa vendendo aspiradores polas casas. Vende algún modelo que custa cincocentos euros.

Ten algún aspirador que non só aspira o lixo, tamén ten música e unha pequena pantalla de televisión. Deste modelo xa leva vendidos novecentos aparatos e os seus xefes están pensando en darlle un premio a Ricardo.

1.- *En que traballa Ricardo?*

2.- *Canto custa algún dos aparatos que vende Ricardo?*

3.- *Que ten algún dos aspiradores que vende Ricardo?*

4.- *Cantos aparatos leva vendidos do modelo que ten música?*

5.- *Que están pensando os xefes de Ricardo?*